

JAVIER H. RODRÍGUEZ

FRANCISCO CASTRO ■ Escritor e director xeral da Editorial Galaxia

“Os homes temos que decatarnos de que os nosos privilexios son unha indecencia”

O prolífico escritor vigués vén de publicar o seu primeiro ensaio, “Isto si que é un home”, unha chamada á loita contra a reacción patriarcal e o seu brazo político: a ultradereita

Cando Francisco Castro (Vigo, 1966) tiña seis anos, varios rapaces do seu colexio comezaron a acoalo. Querían facelo chorar rodeándoo e o conseguiron. Cando chego á súa casa, o seu tío díxolle que non tiña que chorar, que tiña que arrearlles. Estaban a quitarlle o seu dereito á sensibilidade. Esa é a escena que abre o seu primeiro ensaio, ‘Isto si que é un home’, unha aposta pola destrución do patriarcado e unha chamada contra a reacción da ultradereita.

–Logo de todo o proceso de creación do ensaio e coas reflexións que supoñen se lle presentaron, cal cre que deba ser o papel dos homes na loita feminista?

–O libro o que plantea é que os homes temos que tomar conciencia dos nosos privilexios. Decatarnos de que iso é unha indecencia. Unha das teses do libro é que o patriarcado é malo para os homes. Gozamos dese estatus privilexiado polo simple feito de ser homes implica aceptar como natural a minusvaloración das mulleres. Unha persoa decente ten que ser necesariamente feminista. O feminismo é a ideoloxía que busca a igualdade entre homes e mulleres. Alguén que diga que non é feminista está admitindo que non quere un mundo en igualdade. Unha vez que tomamos conciencia de que fomos educados nunha base de testosterona, que fomos educados para loitar máis por que se nos dea a razón máis que por tela. Temos que transmitir que máis da metade da humanidade está subxugada ao patriarcado e que iso haino que cambiar. Temos que axudar a facer a revolución. Sempre detrás delas, pero temos que estar.

–Na súa literatura hai pegadas da súa formación filosófica, pero este é o seu primeiro ensaio “stricto sensu”. De onde saíu esa necesidade e por que agora?

–En dous dos meus libros os personaxes masculinos son do que poderíamos encadrar dentro das masculinidades disidentes. Son homes que se apuntan ao bo trato, con conciencia feminista... Moi afastados do tópico masculino. Creo que os que facemos literatura xuvenil para adolescentes que se están a formar e que, polo tanto, están na procura de referentes, é moi importante que lle deamos estes modelos. Por unha banda, homes feministas e, por outra, mulleres empoderadas e libres.

El violinista Strad hace parada en el Teatro Afundación: ofrece un concierto este domingo desde las 20.30 horas

El Teatro Afundación acoge este domingo desde las 20.30 horas la nueva propuesta musical de Jorge Guillén, conocido en los escenarios como Strad, violinista en cuyos espectáculos el violín protagoniza ritmos movidos e inesperados. Hace parada en la ciudad olívica en el marco de su gira “Confesiones”, que está cosechando éxito de público y crítica. Las entradas para este concierto están a la venta en entradas.ataquilla.com.

El Conservatorio Profesional de Música de Vigo es el primero de Galicia en recibir la Acreditación Erasmus

El Conservatorio Profesional de Música de Vigo es el primero de Galicia en conseguir la Acreditación Erasmus tras alcanzar la primera posición nacional al superar a más de 220 candidaturas. La distinción garantiza la realización de actividades de movilidad internacional de forma regular y abre la posibilidad de establecer relación con países de cualquier continente.

FICHA PERSONAL

■ Castro compaxina a súa vocación como escritor coa tarefa de dirixir unha das editoriais máis relevantes do país. No seu primeiro ensaio, emprega tódalas ferramentas que adquiriu na súa formación filosófica.

O escritor vigués e director xeral da Editorial Galaxia, Francisco Castro.

// José Lores



Froito de todo iso e dalgúns artigos que fun publicando sentín a necesidade de sistematizar todo iso. Concibín este ensaio case coma unha obriga moral. Dende a miña posición creo que tiña que dar un paso á fronte e expoñerme como home feminista.

–Na última década, moitos dos mitos do patriarcado parecen estar a caer con celeridade. Dígame algún dos que vostede atacaría con máis forza.

–A reacción patriarcal fronte a esta toma de conciencia masculina. Non é casual que a ultradereita teña como un dos seus piares básicos o antifeminismo. O que está a pasar en toda Europa é unha reacción brutal contra o patriarcado. Está é unha das batallas que temos que dar, descubrir que o patriarcado estase a organizar politicamente e que está a coller cada

vez máis forza nas institucións. Neste ensaio dedícolle moitas páxinas ao auxe da ultradereita. Por exemplo, Mañueco gaña as eleccións e o primeiro que di o candi-

dato de Vox é que para negociar primeiro ten que derogar a lei de violencia de xénero. Cómpre que reflexionemos cara onde estamos indo como sociedade.

–A súa propia experiencia vital foi dalgún xeito o motor desta obra?

–Sen dúbida. O libro é moi autobiográfico. É un ensaio, pero moi lixeiro no sentido de que bebe oitadas das miñas anécdotas. Grazas ás lecturas feministas, tócame deconstruír todo ese marco testosteroónico no que fomos educados. Tócame loitar tódolos días contra os meus micromachismos, que os temos todos. Temos que vixiarnos a nós mesmos para reprimir todo o que a nosa educación dá por natural. Entón o libro bebe tamén da miña adolescencia. Eu fun vítima de acoso escolar e o máis doloroso non era que un tipo me humillase ou pegase, o peor era que sempre era con público e o resto dos rapaces rían.

–No libro tamén fala de pornografía.

–Falo do letal que é para a rapazada. Reivindico a necesidade da educación sexual. Non pode ser que cando eu estaba no instituto se dixese que era necesaria a educación sexual e agora que teño 55 anos sigamos no mesmo punto. E peor porque agora abren o móbil e o que sae aí é unha concepción do sexo e do amor absolutamente violenta e machista. Logo estrañámonos de que haxa ‘manadas’.

–Por que deberíamos ler “Isto si é un home”?

–Temos que lelo sobre todo para abrir o debate e, en especial os homes, para tomar conciencia de todo o que temos que cambiar nas nosas cabezas. De entrada somos todos, os que nacemos homes e tamén os que transitan cara aí. E logo para tomar conciencia do machismo e da estrutura patriarcal que temos na cabeza. É necesario facelo para descompoñelo. Sustentar isto non é decente.



XUNTA DE GALICIA

Resolución do 14 de febreiro de 2022 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación eléctrica no concello de Redondela (expediente IN407A 2022/21-4).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico e no Título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública, en concreto, e a urxente ocupación que leva implícita da instalación eléctrica que se describe:

- **Solicitante:** UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.
- **Enderezo Social:** AVENIDA AMÉRICA 38, 28028 MADRID.
- **Denominación:** SUBSTITUCIÓN DO CT CASAL-ASNELLE POR CTC.
- **Situación:** REDONDELA.
- **Descricións Técnicas:** DESMONTAXE DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ASNELLE (36CWJ7) E INSTALACIÓN DE UN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN COMPACTO, A 400 KVA CON R.T. 15 KV/400 V, SITUADO EN CAMIÑO DO CASAL DE REBORDA, REDONDELA.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se van expropiar figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, avenida María Victoria Moreno 43, 36003 Pontevedra, no prazo máximo de trinta días, a partir da última publicación ou notificación individual.

O proxecto encóntrase a disposición do público para a súa consulta no portal da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (<http://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>) durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Durante o dito período calquera persoa poderá achegar, por escrito, os datos oportunos para rectificar posibles erros na relación de persoas, bens e dereitos afectados, así como formular as posibles alegacións por razón do disposto no artigo 145 do Real decreto 1955/2000 anteriormente citado.

Pontevedra, 14 de febreiro de 2022.

O xefe territorial
Tomás Nogueiras Nieto

ANEXO: RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS.

NÚM. EXPEDIENTE: IN407A 2022/21-4. DENOMINACIÓN: SUBSTITUCIÓN DO CT CASAL-ASNELLE POR CTC. CONCELLO: REDONDELA.

Finca 1.- municipio: Redondela; paraxe: Camiño Casal de Reboreda; titular: Andrés Couñago Laxe; afección: 1,98 m² para o centro de transformación.

Finca 2.- municipio: Redondela; paraxe: Camiño Casal de Reboreda; titular: Andrés Fernández Villar; afección: 1,87 m² para o centro de transformación.